

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

7539 *Orde ESS/1299/2013, do 1 de xullo, pola que se regula o procedemento de concesión do selo «Entidade adherida á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016».*

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social elaborou a Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016, que se enmarca no obxectivo de impulsar medidas dirixidas a reducir o desemprego xuvenil, xa sexa mediante a inserción laboral por conta allea ou a través do autoemprego e o emprendemento.

Os seus obxectivos son mellorar a empregabilidade da mocidade, aumentar a calidade e a estabilidade do emprego, promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral e fomentar o espírito emprendedor.

Para avanzar na consecución destes obxectivos, a estratexia articulouse como un instrumento aberto, xa que pretende servir de canle de participación a todas as institucións públicas e privadas, ás empresas e a todo tipo de organizacións que queiran colaborar en alcanzar os seus obxectivos.

Desta forma, poderanse sumar todas aquelas entidades que queiran contribuír coas súas propias iniciativas a facer fronte ao reto do emprego xuvenil en calquera das súas formas, tamén a do emprendemento e o autoemprego, e contará cun selo ou distintivo que poderá ser utilizado en recoñecemento á súa contribución.

A Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade desenvolveuse xa parcialmente no Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, cuxa disposición adicional terceira encomenda ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social formalizar a adhesión á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016 de entidades públicas e privadas, cuxa contribución na redución do desemprego xuvenil será recoñecida mediante a concesión dun selo ou distintivo.

Así mesmo, establécese a obriga do dito departamento de informar periodicamente a Comisión Interministerial de Seguimento da Estratexia, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os axentes sociais, o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas e cantos outros órganos consultivos se considere oportuno, sobre as entidades adheridas á estratexia, as características esenciais das iniciativas propostas e os principais resultados delas.

Pola súa parte, o artigo 39 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, no seu parágrafo primeiro sinala que, co obxectivo de incentivar as empresas, organizacións e institucións públicas ou privadas, especialmente as pequenas e medianas, e as empresas individuais, a incorporar ou desenvolver políticas de responsabilidade social, as administracións públicas manterán unha política de promoción da responsabilidade social, difundindo o seu coñecemento e as mellores prácticas existentes e estimulando o estudo e a análise sobre os efectos en materia de competitividade empresarial das políticas de responsabilidade social.

Nos ámbitos sinalados, o Real decreto 343/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, establece que a Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas ten, entre outras funcións, a promoción da responsabilidade social das empresas, en particular das pequenas e medianas, así como a realización de calquera outra actividade que se lle encomende no dito ámbito de actuación, e o deseño, xestión e seguimento de programas e axudas para a difusión e fomento da responsabilidade social das empresas.

Procede, por tanto, establecer a regulación do procedemento para a concesión do selo «Entidade adherida á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016».

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e co informe previo da Axencia Española de Protección de Datos, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión do selo «Entidade adherida á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016», co fin de recoñecer o labor das entidades e empresas que presenten iniciativas dirixidas a fomentar o acceso da mocidade ao mercado laboral ou a favorecer o autoemprego ou o emprendemento.

Artigo 2. *Requisitos das entidades solicitantes.*

1. Poderán solicitar a adhesión á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade as organizacións, institucións e entidades públicas e privadas, así como administracións públicas, que poñan en marcha actuacións cuxos resultados redunden en facilitar o acceso da mocidade ao mercado de traballo pola vía da contratación ou o emprendemento e que manifesten un compromiso formal de colaborar na consecución dos seus obxectivos.

2. Para poder solicitar o selo, as entidades solicitantes deberán acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos mediante declaración responsable:

- a) Exercer a súa actividade en territorio español.
- b) Estar ao día no cumprimento das obrigas en materia tributaria, no momento de solicitar a súa participación e durante a vixencia do selo de adhesión.
- c) Estar ao día no cumprimento das obrigas en materia de seguridade social, no momento de solicitar a súa participación e durante a vixencia do selo de adhesión.
- d) Non estar nin ter estado incurso en procedementos de regulación de emprego nos tres meses anteriores á presentación do plan de actuación.

Artigo 3. *Requisitos do plan de actuación.*

1. As entidades solicitantes deberán presentar un plan de actuación en que se exprese a vinculación á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016 e se relacionen as medidas concretas do plan coas seguintes liñas de actuación da propia estratexia:

- a) Educación: destinada a orientar e preparar a mocidade en relación co seu futuro laboral e a reducir o fracaso escolar e abandono educativo temperán.
- b) Formación: orientada a mellorar a capacitación profesional da mocidade a través de accións formativas (aprendizaxe, cualificación, recualificación ou reciclaxe) ou laborais (primeira experiencia laboral mediante formación profesional dual e bolsas prácticas).
- c) Mellora do coñecemento de idiomas e o manexo de ferramentas tecnolóxicas: orientadas a aumentar as oportunidades para o acceso e mantemento do posto de traballo, a mellora da situación laboral e a recolocación en casos de perda do emprego.
- d) Fomento do emprendemento e do autoemprego: dirixida a ofrecer á mocidade a posibilidade de iniciar proxectos profesionais que lle permitan desenvolver as súas capacidades e iniciarse na vida laboral e a fomentar o emprendemento, individual ou colectivo.
- e) Estímulos á contratación: orientada a impulsar que as empresas españolas outorguen maiores oportunidades laborais á mocidade.
- f) Igualdade de oportunidades: orientada a favorecer o acceso ao mercado laboral a persoas pertencentes a grupos en risco de exclusión social debido á súa procedencia, raza, crenzas, xénero ou condición.
- g) Colaboración público-privada na busca dun posto de traballo: orientada á mellora do funcionamento e optimización dos resultados obtidos polas sinerxías xeradas no

proceso de cooperación de todos os axentes que interveñen no proceso de busca e mellor desempeño dun posto de traballo.

h) Orientación e acompañamento: destinada a informar, acompañar e asesorar a mocidade para acceder ao mercado de traballo, mellorar as súas condicións laborais ou emprender, apoiando a actuación dos axentes sociais neste campo e das asociacións representativas dos traballadores autónomos.

i) Xestión das administracións públicas: deseñada para mellorar a eficiencia da intervención da Administración pública no mercado laboral.

2. Para cada unha das medidas concretas incluídas no plan presentado, indicárase:

a) Descrición da medida, atendendo á súa proporcionalidade e racionalidade respecto aos obxectivos, medios e prazos establecidos.

b) Previsión de recursos propios comprometidos, xa sexan económicos, materiais ou persoais, que a entidade empregará na posta en marcha de cada unha das accións.

c) Número de beneficiarios potenciais da medida, agrupados polos seus perfís, salvo que a natureza das medidas que se vaian implementar non permita determinar beneficiarios concretos por se tratar de actuacións non individualizables.

Artigo 4. *Instrución do procedemento.*

1. As entidades solicitantes deberán presentar ante a Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade Social das Empresas a solicitude de concesión do selo de adhesión, acompañada da documentación que acredite que a entidade cumpre os requisitos do artigo 2.2 da presente orde, a través da sede electrónica do departamento, no enderezo <https://sede.empleoyseguridadsocial.gob.es/>, en virtude do establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Unha vez presentada a solicitude, a entidade solicitante presentará, polos mesmos medios, ante a Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade das Empresas, un plan de actuación con información desagregada sobre os seus medios de financiamento, perfil de beneficiarios potenciais e prazo de execución.

3. A Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade das Empresas verificará que o plan de actuación presentado se axusta aos requirimentos marcados nesta orde.

4. Se a entidade solicitante non acredita suficientemente o cumprimento dos requisitos ou se precisa máis información que a proporcionada sobre o contido do plan, requirirase a entidade solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos.

5. Cando se produza unha paralización do procedemento, debido a que a entidade solicitante non proporcionase os datos relacionados co plan de actuación que se indican na presente orde, comunicáraselle á entidade que, transcorridos tres meses desde a recepción do requirimento de información, sen que se poida reiniciar a tramitación do procedemento, se producirá a súa caducidade.

Artigo 5. *Resolución do procedemento.*

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade das Empresas, unha vez comprobado que a entidade solicitante e o plan de actuación presentado cumpren ou non os requisitos establecidos nesta orde, resolverá sobre a concesión ou denegación do selo de adhesión no prazo máximo de tres meses contados desde a presentación da solicitude de concesión do selo, notificándollo á entidade solicitante dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado.

Transcorrido o prazo mencionado sen que se dite resolución, entenderase que a solicitude foi estimada por silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Esta resolución non pon fin á vía administrativa conforme o establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Por conseguinte, a dita resolución poderá ser impugnada enalzada ante o órgano superior xerárquico, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Utilización do selo e compromisos das entidades adheridas.*

1. O outorgamento do selo terá a vixencia establecida para a propia estratexia, ata o 31 de decembro de 2016, sempre que a entidade siga reunindo os requisitos que manifestou na solicitude de adhesión.

2. A concesión do selo de entidade adherida implicará os seguintes compromisos e facultades para a dita entidade:

a) As entidades adheridas comprométese a manter os requisitos exixidos para a súa adhesión á estratexia que xustificaron a súa participación na estratexia ou a notificar á Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade Social das Empresas calquera variación neles, no prazo de dez días desde que se produza o feito que implica tal variación.

b) Para os efectos de coordinación das actuacións das entidades adheridas e de dispor de datos sobre o desenvolvemento das accións da estratexia, cunha periodicidade, polo menos, anual, e sempre antes do 31 de marzo de cada ano natural, indicarán para cada unha das medidas que definiron no plan de actuación presentado o nivel de execución deste, así como, cando proceda, os datos relativos ao xénero, nivel de estudos, tramo de idade, código postal do municipio de residencia dos beneficiarios, así como o código identificativo que lle corresponda a cada beneficiario, con obxecto de obter datos estatísticos das medidas implementadas.

c) En calquera momento, a través da sede electrónica do Ministerio, a entidade poderá engadir medidas en calquera liña de actuación que non estivese prevista e que por calquera circunstancia puidese realizar.

d) As entidades poderán colaborar co Ministerio de Emprego e Seguridade Social na difusión da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016 e utilizar, se for o caso, os elementos de imaxe e comunicación que poña á disposición das entidades adheridas o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

e) As entidades adheridas que recibiron o selo poderano utilizar nas súas accións de comunicación e publicidade, respectando a súa representación gráfica establecida no manual de estilo publicado na páxina web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social <http://www.empleo.gob.es>.

f) A entidade á cal se lle concedese o selo de adhesión non poderá facer uso del cando o Ministerio de Emprego e Seguridade Social lle notifique a súa retirada ou, se for o caso, desde que a propia entidade notifique a súa renuncia a el.

Artigo 7. *Compromisos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.*

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social comprométese a realizar as seguintes actividades:

a) Difundir as medidas da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016 e fomentar a adhesión de empresas e entidades para lograr a consecución dos seus obxectivos.

b) Incluír as entidades que reciban o selo na relación de entidades adheridas, que se publicará no enlace establecido para a estratexia na páxina web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

c) Incluír a referencia, cando proceda, das entidades adheridas nas accións de comunicación e divulgación da estratexia e do selo obxecto da presente orde.

d) Ofrecer ás empresas adheridas a información necesaria co obxecto de coordinar adecuadamente as actuacións.

e) Difundir boas practicas en materia de emprego das entidades que obtivesen o selo de adhesión á estratexia.

Artigo 8. *Recoñecementos especiais.*

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social poderá realizar, coa periodicidade que se determine, un recoñecemento especial a aqueles proxectos que teñan maior impacto no emprego para a mocidade de entre as entidades adheridas.

Artigo 9. *Retirada do selo.*

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade das Empresas, logo de audiencia da entidade adherida, poderá retirar o selo de adhesión á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade, mediante resolución motivada, nos seguintes supostos:

a) En caso de que a entidade adherida non cumpra coa obriga de achegar os datos desagregados do grao de execución do plan na forma e nos prazos previstos na presente orde.

b) En caso de alteración das condicións que deron lugar á concesión do selo.

Artigo 10. *Renuncia.*

As entidades poderán renunciar ao uso do selo notificándollo á Dirección Xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade das Empresas. A aceptación da renuncia implica a retirada do selo distintivo concedido.

Artigo 11. *Seguimento da adhesión á estratexia.*

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social elaborará un informe de seguimento semestral que presentará á Comisión Interministerial de Seguimento da Estratexia, á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aos axentes sociais e ao Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas, sobre as empresas adheridas á estratexia, as características esenciais das iniciativas propostas e os seus principais resultados.

Disposición adicional única. *Creación dun ficheiro de datos de carácter persoal.*

1. Créase o ficheiro de datos de carácter persoal «Emprendemento e emprego para a mocidade», coas seguintes características:

a) Finalidade do ficheiro: xestionar o proceso de adhesión á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade e o seguimento das medidas das entidades adheridas.

b) Usos previstos: outorgar, manter, suspender ou revogar a adhesión e o selo de «Empresa adherida á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2106», así como o seguimento de todo o proceso.

c) Persoas ou colectivos dos cales se obteñen os datos ou que resulten obrigados a subministralos: persoas que exercen a representación das entidades e persoas beneficiarias das medidas previstas nos plans de actuación.

d) Procedemento de recollida dos datos: aplicación informática.

e) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos datos recollidos: nome, apelidos e DNI ou pasaporte do representante da empresa, e xénero, nivel de estudos, tramo de idade e código postal do municipio de residencia dos beneficiarios.

- f) Sistema de tratamento: automatizado.
- g) Cesiões de datos previstas: non se prevén.
- h) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: non se prevén.
- i) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.
- j) Órgano ante o que se poden exercer os dereitos de rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.
- k) Medidas de seguridade: nivel básico.

2. No prazo de trinta días desde a entrada en vigor da presente orde, notificará a constitución do ficheiro á Axencia de Protección de Datos para os efectos da súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 7.^a da Constitución Española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Modelos de solicitude e facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Habilítase o director xeral de Traballo Autónomo, da Economía Social e Responsabilidade Social das Empresas para establecer e modificar os formularios para a tramitación do procedemento regulado pola presente orde, así como para ditar cantas instrucións e resolucións sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de xullo de 2013.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.